

**NOTA DE PRENSA 101/23  
17 DE NOVIEMBRE DE 2023**

**O CAMPIONATO GALEGO DE RALLYES DESPÍDESE ESTA FIN DE SEMANA  
EN RIBEIRA CON RÉCORD DE INSCRIPCIÓN**

O Campionato Galego de Rallyes afronta esta fin de semana (sábado 18 e domingo 19 de novembro) a derradeira cita puntuable, o Rallye Ribeira – Ría de Arousa con nada menos que 152 equipos na liña de saída.

Un récord de inscritos da tempada que reflicte o bo estado de saúde dun Campionato Galego de Rallyes que brillou con luz propia esta tempada. Entre os participantes que tomarán a saída dende a localidade costeira Alberto Meira e Avelino Martínez parten como claros favoritos, con rivais a ter en conta como Jorge Pérez e Miriam Vera; Iago Caamaño e Alberto Rodríguez ou Luis Vilariño e Kike Velasco, entre outros.

Tamén participarán os dous equipos becados pola FGA, que despedirán a tempada aos mandos dos habituais Nissan Micra N5 do preparador RMC.

Neste peche de certame estarán ademais todas as fórmulas de promoción do certame, o que aportará variedade e emoción en todos e cada un dos treitos cronometrados.

En canto ao programa horario, haberá verificacións voluntarias previas na tarde do venres 17 de novembro. Para o sábado, os resto das verificacións e seis treitos cronometrados con inicio ás 12:25 horas.

O domingo, os catro derradeiros treitos, con inicio as 09:49 horas e fin da proba as 13:37 horas coa chegada do primeiro participante ao Porto de Ribeira.